

ANUNCIO

Contratación de 2 Auxiliar Policía Local en réxime de persoal laboral fixo indefinido, proceso estabilización Lei 20/2021 (2022/E001/000030)

O día 03/03/2025 mediante a Resolución da Alcaldía, núm. 270/2025, resolvese:

PRIMEIRO

Aprobar a proposta de contratación para a cobertura en propiedade de 2 prazas convocadas de auxiliar policía local (C17), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, elevada a esta Alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 04/12/2024, do seguinte teor literal:

"...Declarar que teñen superado o proceso selectivo as aspirantes que a continuación se relaciona, e propón á Alcaldía para que sexan seleccionadas para a cobertura en propiedade de 2 prazas de auxiliar policía local (Ref. C17) e adquiran a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:

Nome e apelido	Puntuación total
***3958** Rial García, José Ramón	100,00
***8285** Blanco Sobradelo, Pablo	100,00

"

SEGUNDO

Contratar, en réxime de persoal laboral fixo, con cadanseu contrato laboral fixo indefinido como auxiliar policía local do Concello de Rianxo, ás persoas que se indican a continuación, nos destinos que se indican, tendo estes o carácter de definitivos, xa que se trata de 2 prazas para 2 postos iguais, e faise a favor das persoas que obtiveran as prazas obxecto da convocatoria, de conformidade co establecido na Base Décimo Segunda.3:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación Acadada	% xornada	Adscripción Definitiva
Rial García, José Ramón	***3958**	100,00	100 %	Departamento de Policía Local
Blanco Sobradelo, Pablo	***8285**	100,00	100 %	Departamento de Policía Local

TERCEIRO

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 651.322 exp. 2022/E001/000027

Publicar esta Resolución no BOP e DOG, así como no taboleiro de anuncios (físico e electrónico), e páxina web municipal, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás persoas interesadas, indicándolle que a formalización do contrato laboral e a incorporación, deberán producirse, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP.

CUARTO

Comunicar estas contratacións ao Servizo Público de Emprego, á Seguridade Social e as persoas interesadas e dar traslado ao Departamento de Persoal e Intervención para que realicen os trámites oportunos, así como ao Comité de Empresa do Concello de Rianxo para o seu coñecemento.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo, martes 18 de marzo de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín